

Historia de Cándido

Obra:

Autor: Pablo Nino Suárez

Tipo de texto: Dramático

NARRADOR: ...Pois eu o que estou lembrando agora é unha historia que contaba sempre meu pai polo Nadal cando eu era pequeno, a historia de Cándido. (Breve pausa.) Cándido era... como dicilo?... diferente. Si, diferente. (Cándido vai entrando en escena e, canda el, os mariñeiros, peixeiras e atadoras do peirao.) Diferente era o seu corpo; pero, diferente tamén debía ser a súa alma. (Entre a actividade diaria no peirao, Cándido tenta facerse un sitio entre a xente, pero sempre é rexeitado.) A nai morrera cando el naceu; e, cando tiña trece anos, finou tamén seu pai. Así que el quedou só na choupana que tiña no mesmo peirao, vivindo dalgún que outro peixe medio podre que lle deixaban de cando en vez os mariñeiros. (Un dos mariñeiros bótalle un peixe, mentres outros non lle permiten nin achegarse a eles.) Na vila, ninguén quería saber nada del. O seu rostro desfigurado e o seu corpo deforme espantaban os máis pequenos e provocaban o desprezo e o escarnio dos maiores. (Cándido segue intentando achegarse a uns e outros, pero é inútil. Sofre un empurrón e remata no chan.) Ata que un día de Nadal...

(Soa a panxoliña, os presentes cantan e bailan ao son da música, mentres Cándido xace no chan inmóbil).

(Todos van abandonando a escena ao rematar a música, agás Cándido)

NARRADOR: Aquel día de Nadal, a amargura de Cándido contrastaba máis que nunca coa ledicia de todos. (Cándido ponse en pé lentamente e comeza a camiñar con evidentes signos de tristura.) Non o aturaba máis. Desesperado e cun profundo desconsolo, dirixiuse cara á praia que había preto de alí. (Fai unha pausa.) Cando chegou...

(Cándido senta preto dunha rocha da praia coa cabeza entre as súas pernas, sen decatarse de que, detrás del, había alguén máis...)

SEREA: (Erguendo a cabeza lentamente e dirixindo a mirada cara a Cándido, mentres sorrí amablemente) Ola, quen es ti?

CÁNDIDO: (Dá un salto no aire cara atrás, pola sorpresa e, axiña, reacciona cubrindo o rostro coas mans). Eu..., eu son... Cándido.

SEREA: Cándido. Que fermoso! Sincero, puro...

CÁNDIDO: Como? Que é o que estás a dicir?

SEREA: O teu nome, Cándido. Ten ese significado: sincero, puro... (Abrindo as mans e mirando ó ceo.)

CÁNDIDO: Pois a min nunca me chamou así ninguén...

SEREA: (Rindo.) Non, home, xa o sei. Só é o significado da palabra. (Fai unha pequena pausa e, de súpeto, volve mirar a Cándido e reacciona.) Oe, e por que tapas a cara dese xeito?

CÁNDIDO: (Tapándose aínda máis.) Para que non me vexas.

SEREA: Para que non te vexa? E por que non queres que te vexa?

CÁNDIDO: Por que farás o mesmo que fan todos.

SEREA: O que fan todos? E que é o que fan todos?

CÁNDIDO: Non sei... (Dáse a volta e volve lembrar a súa mágoa.) Algúns...asústanse; outros... bótanse a rir; pero a maioría tíranme pedras ou empúrranme.

SEREA: (Sorpresa e interesada.) E por que fan iso?

CÁNDIDO: Non sei; porque non son coma eles, son...diferente.

SEREA: Diferente? Pero, todos os seres que habitan este planeta son diferentes. Mírame a min. Eu tamén son moi diferente a ti. Ademais, (Bótase a rir) fíxate se resulta curioso: cando estou no mar, os peixes dinme que son coma os humanos; e, cando saio da auga, os humanos dinme que parezo un peixe. Semella que non son coma os demais en ningures.

CÁNDIDO: Pero iso é distinto. Eu son...feo.

SEREA: Feo? Ti, feo? (Volve rir.) Eu estou acostumada a vivir entre polbos, centolas e peixes sapo. Non me digas a min que ti es feo. Ti es coma os demais humanos. Si, tendes esas dúas patas longas tan desagradables en lugar dunha preciosa cola, pero...feos, feos?

CÁNDIDO: Ti dis iso porque non viches a miña cara, se non, sairías correndo coma os demais ou empezaría a baterme para que me afastase de ti.

SEREA: Home, non sei se te batería. O que si che aseguro é que correndo non vou saír. (Sinala a súa cola de peixe e volve rir.) De todos os xeitos, se ti queres, non temos máis que probar. Amósame a túa cara e veremos que pasa.

CÁNDIDO: Non! Iso nunca! (Botándose cara atrás.)

SEREA: Ben, se non confías en min...

CÁNDIDO: Non, non é iso... É que... Ti parece boa, pero...

SEREA: Pero que?

CÁNDIDO: (Amosando moita desconfianza.) De verdade que non me vas...?

SEREA: Claro que non, home.

CÁNDIDO: Promételo?

SEREA: Que siiiii. (Fai acenos coas mans e coa cabeza como queixándose pola insistencia de Cándido.) Veña, home. Non pode ser tan terrible.

(Lentamente, Cándido vai descubrindo a súa cara moi temeroso, mentres a Serea agarda con atención.)

SEREA: (Despois dunha breve pausa.) Non cho dicía eu? Bastante mellor có peixe sapo!

CÁNDIDO: (Incrédulo.) Entón, non te...? (Sinala a súa cara coa man.) A ti non che parezo...?

SEREA: Que non, Cándido, que non. (Cambia o ton de voz, para falar con moita dozura, mentres, coa súa man, retira a de Cándido da súa cara.) A min o único que me parece é un mozo cun corazón moi grande e que merece que o queiran.

CÁNDIDO: De verdade? Ti poderías quererme?

SEREA: Claro! Ti non ves que...?

CÁNDIDO: (Interrompe, con moita excitación.) Entón, eu quero estar sempre contigo!

SEREA: Estar comigo...? Iso si que non pode ser, Cándido.

CÁNDIDO: Por que? Por que non?

SEREA: Porque eu non podo quedar aquí. Debo volver ao mar, ao meu mundo. De feito, xa levo moito tempo fóra da auga e, cando te vin, estaba a piques de marchar.

CÁNDIDO: Entón, irei eu contigo.

SEREA: Queres dicir ao mar?

CÁNDIDO: Si, iso mesmo.

SEREA: Pero, iso sería... Ti non podes...

CÁNDIDO: Non me importa! Non me importa nada do que me pase! (Volve lembrar a súa

amargura.) Aquí xa non quero seguir. Pase o que pase, (Baixa a cabeza á vez que a move de dereita a esquerda nun aceno de negación) non quero seguir.

SEREA: Ben, quizais, se tes fe...tal vez eu podería...

CÁNDIDO: Teño, teño!

SEREA: Entón, estás decidido?

CÁNDIDO: Si, si, si...

SEREA: Daquela, dáme a túa man e confía en min.

(Cándido colle a man da Serea, quen, arrastrándose ata a beira do mar, guía a Cándido e ambos os dous van entrando entre as ondas e rematan abandonando a escena.)

NARRADOR: Moita xente na vila, os máis incrédulos, dixeron que o rapaz, desesperado, se botara ao mar e afogara. Outros, os de máis fe, sempre afirmaron que Cándido, aquel día de Nadal, atopara por fin a felicidade ao lado da Serea. (Breve pausa.) E, aínda hoxe, hai quen afirma que cada ano, polo Nadal, ao pasar por aquela praia, se pode escoitar a voz dun home cantando unha panxoliña. Meu pai contoume que el, dunha vez, tamén a escoitou; e que... abofé, que parecía a voz de Cándido.